



CONCELLO DE GONDOMAR

CONCELLARÍA
DA
IGUALDADE
GONDOMAR

BANDO

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

D. Fernando Guitián Guitián, Alcalde do Concello de Gondomar,

FAI SABER:

Que a orixe do 25 de novembro como Día Internacional contra a Violencia de Xénero, se remonta a 1999, data na que Nacións Unidas o declara como tal, definindo violencia de xénero como:

"todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación da liberdade, tanto si se produce na vida pública como na vida privada".

Por todo isto, como rexeitamento cara esta problemática, o vindeiro luns 25 de novembro convoco a todas as mulleres e homes de Gondomar a participar na seguinte actividade:

CONCENTRACIÓN

Ás 12h. diante do Concello de Gondomar lerase un manifesto en contra da violencia de xénero, acto seguido faranse dous minutos de silencio como acto de rexeitamento á violencia.

Gondomar, 25 de novembro de 2013

O Alcalde

Fernando Guitián Guitián

